

**Resolución do 6 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula a convocatoria dos programas enmarcados no Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, [eduemprende](#), e se establecen as bases para a participación dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso 2020/2021**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe entre os fins do sistema educativo o desenvolvemento da capacidade do alumnado para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, a capacitación para a exercicio de actividades profesionais, así como para a participación activa na vida económica.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, fai referencia en diferentes momentos a importancia de estimular o espírito emprendedor dos estudantes.

O plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, [eduemprende](#), posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade no ano 2010, constitúese como o marco onde coordinar as sinerxías en materia emprendedora que actúen sobre o sistema educativo, ordenando e planificando a súa aplicación.

A consellería de Cultura, Educación e Universidade é consciente da importancia do fomento, nos niveis non universitarios, dunha cultura emprendedora como motor da innovación, da competitividade das nosas empresas, da creación de emprego e do crecemento económico. Neste senso está a colaborar de xeito continuado con distintas institucións, organismos, e representantes do empresariado galego para a posta en marcha de programas que permitan lograr un avance sensible no valor do emprendemento.

O contexto actual, determinado pola situación excepcional provocada pola crise sanitaria xerada pola COVID -19, pon de manifesto a necesidade de adaptar os diferentes programas e dar resposta aos novos desafíos xurdidos nestes novos tempos. Estes programas favorecen a colaboración dos equipos docentes, a dinamización da comunidade educativa e a conexión coa contorna, todo iso potenciando as competencias profesionais e persoais do alumnado.

De acordo co anteriormente exposto, esta secretaría xeral

RESOLVE:

### **Primeiro. Obxecto**

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases para a participación dos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, nos programas enmarcados dentro do Plan **eduemprende** durante o curso 2020/21, que figuran no Anexo.

A oferta dos programas educativos e as súas características estarán publicados na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/fp/programas-eduemprende>

### **Segundo. Destinatarios**

Alumnado de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, Formación Profesional, ensinanzas para persoas adultas, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, e ensinanzas deportivas de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### **Terceiro. Definición do Plan **eduemprende****

O Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, **eduemprende**, constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade transmitirá á comunidade educativa. Para isto, contará coa colaboración e o apoio da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

O obxectivo global deste plan é lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados.

### **Cuarto. Eixes estratéxicos do Plan **eduemprende****

Este plan estruturase en catro eixes estratéxicos, tres dos cales inciden directamente na sensibilización, na capacitación e na empresariedade, e un cuarto, transversal aos outros, de coordinación e rendibilización das sinerxías que se produzan.

#### **a) Sensibilización e motivación**

Agrupa o conxunto de obxectivos e medidas que cómpre desenvolver para que a comunidade educativa perciba a importancia de construír e fomentar a cultura

empresarial, para recoñecer na súa contorna actitudes e valores emprendedores, favorecendo a súa integración nos centros educativos e creando unha conciencia emprendedora.

#### **b) Capacitación emprendedora**

Recolle os obxectivos e as iniciativas que se destinen a mellorar as capacidades en competencias emprendedoras do alumnado e a súa autonomía, a través da información, a orientación e unha formación axeitada para cada nivel educativo. Incídese, así mesmo, na dotación de recursos ao profesorado e na súa capacitación, na procura dunha repercusión final no alumnado.

#### **c) Fomento e apoio da empresarialidade**

Inclúense neste eixe todos os obxectivos e as actuacións que se refiren ao apoio ao alumnado con habilidades emprendedoras, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para a posta en práctica de ideas innovadoras de negocio.

#### **d) Coordinación e aproveitamento de iniciativas**

Este eixe abrangue o conxunto de obxectivos e medidas de investigación, coordinación e posta en valor sobre emprendemento no sistema educativo de Galicia que teñan un efecto de transversalidade sobre o conxunto de medidas do plan.

### **Quinto. Profesorado participante**

- 1.- A participación do profesorado estará especificada en cada programa.
- 2.-O profesorado coordinador e participante deberá ter destino no centros solicitantes durante o curso 2020/21.

### **Sexto. Proceso e prazo de solicitude**

- 1.- O prazo para presentarse a esta convocatoria comeza o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo e rematará o 9 de decembro de 2020.
- 2.- Para aqueles programas con límite de prazas a selección farase segundo a orde de entrada de solicitudes no enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es). Así mesmo teranse en conta os criterios de selección propios de cada programa.

### **Sétimo. Resolución**

Unha vez rematado o prazo de solicitudes de cada programa, publicarase a listaxe de centros participantes en cada un deles na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

<http://www.edu.xunta.gal/fp/programas-eduemprende>

### **Oitavo. Participación e seguimento.**

O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento dos programas. De cara á planificación das actividades o profesorado participante terá en conta as circunstancias que se poidan dar en cada momento derivadas da situación sanitaria, e fará as adaptacións necesarias.

A inspección educativa realizará o seguimento das actuacións previstas nos programas e informará á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### **Noveno. Certificación e recoñecemento do profesorado**

De selo o caso de que a participación do profesorado implique a certificación e recoñecemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, os requisitos determinados para dita certificación estarán especificados en cada programa.

### **Décimo. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento de persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á formación relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

## ANEXO

Programa	Ligazón
Actúa	<a href="http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-actua-2020-2021">http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-actua-2020-2021</a>
Atrévete	<a href="http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-atrevete-2020-2021">http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-atrevete-2020-2021</a>
EduTecEmprende	<a href="http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-edutecemprende-2020-2021">http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-edutecemprende-2020-2021</a>
Ferramentas de medios de pagamento na FP	<a href="http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-implantacion-ferramentas-medios-pagamento-2020-2021">http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-implantacion-ferramentas-medios-pagamento-2020-2021</a>
Finanzas para mortais	<a href="http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-finanzas-para-mortais-2020-2021">http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-finanzas-para-mortais-2020-2021</a>
Grand prix financeiro	<a href="http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-grand-prix-financeiro-2020-2021">http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-grand-prix-financeiro-2020-2021</a>
Preparados para o salto	<a href="http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-preparados-para-salto-2020-2021">http://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-preparados-para-salto-2020-2021</a>